

O APARATO CIRCULATORIO

O pequeno vampiro

A Anton gústalle ler historias emocionantes e espantosas. Especialmente encántanlle as historias de vampiros, e coñece perfectamente os seus costumes. Rüdiger, o pequeno vampiro, é vampiro desde hai polo menos cento cincuenta anos. O feito de que sexa tan pequeno ten unha razón sinxela: converteuse xa de neno en vampiro. A súa amizade con Anton empezou estando unha vez Anton novamente só na casa. [...]

Iso só podía significar unha cousa: alguén debería entrar no seu cuarto e apagara a televisión! Anton notou como o corazón lle daba un salto e despois lle latexaba coma tolo. [...]

—Como seguramente sabes, nós alimentámonos de sangue!

—Eu teño un sangue moi ma... malo —tatexou Anton—. Sempre teño que tomar pa... pastillas. [...]

«Realmente é un vampiro moi simpático», pensou Anton, «a pesar do seu aspecto tan horroroso». De calquera xeito, el imaxinara moito máis horribles os vampiros. [...]

—E xa estás..., quero dicir, tamén tes unha tumba?

O vampiro reprimiu a risa. [...]

—E podes visitarme cando queiras. Pero só despois do solpor. Durante o día durmimos. [...]

Anton, non obstante, sentíase un pouco angustiado cando saltaron por riba do muro do cemiterio e se atoparon de súpeto en medio de lápidas derrubadas, cruces caídas e exuberante maleza. Reinaba un silencio inquietante e, á luz da lúa, o cemiterio parecía máis sombrío e irreal. Pero en ningún sitio puido descubrir Anton o rastro dunha tumba habitada. [...]

E todas as lápidas tiñan a mesma forma de corazón! Realmente era demasiado estraño e calquera quedaría pampo. E que é o que podería significar un corazón? En primeiro lugar, amor —Anton riu para si—, e en segundo lugar, sangue!!! Quen non sabía que o corazón bombeaba o sangue polo corpo? [...]

ANGELA SOMMER-BODENBURG

O pequeno vampiro.


Loqueleo (fragmento).



1. Que compoñentes do aparello circulatorio se citan na lectura?
2. Explica como funciona o corazón cando na lectura di: “ Notou que o corazón lle daba un salto e despois lle latexaba coma tolo”.

3. Busca na lectura unha frase que explique cal é a función do corazón. Que pensa Antón que significa o corazón que hai nas lápidas?

4. Sinala na imaxe as partes do corazón e os tres tipos de vasos sanguíneos.



5. Como mantemos o corazón san? Explica tres hábitos.

6. A palabra corazón pode empregarse con distintos significados. Busca nun dicionario ou en internet e copia a definición.

7. Investiga, busca e escribe tres frases feitas coa palabra corazón e explica o seu significado:
Por ex.: Estar co corazón nun puño.

Realizo un experimento e interpreto os datos

Un experimento científico é unha proba que se realiza para estudar, determinar ou comprobar algo.

O obxectivo deste experimento é comprobar que o corazón funciona máis rápido cando facemos exercicio ca cando estamos en repouso. Para facelo, necesitamos contar o número de latidos do corazón tomando o pulso. O pulso é o reflexo do latido do corazón nunha arteria.



1. Observade as imaxes e localizade as pulsacións no pescozo ou nos pulsos. Para saber as pulsacións por minuto, tórnase o pulso durante dez segundos e multiplícase por seis.



2. Rexistrade nunha táboa o pulso:
 - Antes de facer exercicio.
 - Despois de saltar cos pés xuntos sobre o sitio durante un minuto.
 - Dous minutos despois de terminar.
 - Catro minutos despois de terminar.

	En repouso	Ao terminar	Dous minutos despois	Catro minutos despois
Pulsacións	84	111	94	87

3. Elaborade un informe en que figure a data do experimento, as persoas que participaron e os resultados obtidos.

4. Analizade os resultados e explicade como varían as pulsacións ao longo do experimento.

Cal sería a conclusión a que chegamos? Tendo en conta o que sabedes sobre a nutrición e a circulación, explicade por que obtivemos estes resultados.